

## Begonte abriu xa ó público as portas do seu belén electrónico


O director xeral de Política Lingüística, Xesús Pablo González Moreiras, leu este ano o pregón de Nadal na igrexa de Begonte co que se abriu, a todo o público e un ano máis, o belén electrónico a todos os visitantes.

A celebración relixiosa na que se enmarcou o pregón estivo acompañada polas voces dos integrantes da coral *Ecos do Ulla*, de Monterroso, que ofreceron unha escolma de panxoliñas como corresponde á ocasión.

Acabada a misa, Xesús Pablo González Moreiras —acompañado polas autoridades provinciais e locais e tamén por numeroso público— dirixiu-se desde a igrexa ata o edificio no que se atopan o nacemento e o museo.

O belén poderá ser visitado, ata pasar Reis, entre as tres e as sete e media da tarde, os días laborables, e de once da mañá a dúas da tarde e de tres a oito, os festivos.

No caso de que as visitas ó nacemento electrónico se pretendan facer en grupo, recoméndase poñerse en contacto antes cos promotores do belén chamando ó número de teléfono 982 396121.



O belén estará aberto ata pasar Reis e poderase visitar de tres a sete e media da tarde, os días laborables, e de once a dúas e de tres a oito, os festivos



PEPE ÁLVEZ



Numeroso público asistiu á apertura do belén de Begonte, que incluíu a celebración dunha misa na igrexa na que participou a coral 'Ecos do Ulla'



O pregón do Nadal en Begonte foi pronunciado nesta ocasión polo director xeral de Política Lingüística, Xesús Pablo González Moreiras

